

Examinado o informe proposta do Servizo de Benestar, Igualdade e Xuventude, con data 21/06/2022 e que literamente di:

“INFORME-PROPOSTA

Con data 16/06/2022 a concelleira delegada de Benestar Social aprobou unha resolución nos seguintes termos:

“1.- Aprobar as listaxes provisionais de solicitantes admitidos/as e excluídos/as para as becas de comedor escolar (Anexo I) e axudas á escolarización (Anexo II) para o curso 2022/2023, que se inclúen nas taboas que se xuntan (Anexos I e II).

2.- Publicar as mesmas no taboleiro de Edictos da sede electrónica municipal.

3.- Abrir un prazo de subsanación de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación das listaxes provisionais.”

Con posterioridade, detectouse que, por erro, a listaxe provisional de solicitantes admitidos/as e excluídos/as, non incluía un total de 16 expedientes de solicitude de becas de comedor escolar e axudas á escolarización.

Á vista do anterior,coa finalidade de subsanar dito erro e dacordo co principio de seguridade xurídica, propónse á concelleira delegada de Benestar Social o seguinte:

Primeiro: Aprobar unhas novas listaxes provisionais de solicitantes admitidos/as e excluídos/as para as becas de comedor escolar (Anexo I) e axudas á escolarización (Anexo II) para o curso 2022/2023, que se inclúen nas taboas que se xuntan (Anexos I e II) que relacionan a totalidade das solicitudes presentadas.

Segundo: Publicar as mesmas no taboleiro de Edictos da sede electrónica municipal.

Terceiro: Abrir un novo prazo de subsanación, para a totalidade dos expedientes incluídos na nova listaxe, de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación destas últimas listaxes provisionais.”

E tendo en conta a documentación que o acompaña

Decreto.- Vista a proposta apróboa nos seus propios termos

Ferrol,

A concelleira delegada da Área de Benestar Social
e Patrimonio Histórico

Dou fe,
A secretaria xeral accidental